




# PLAN PASTORAL



**CPR PLURILINGÜE PP. SOMASCOS  
A GUARDA**


A situación que aínda se está a vivir pola crise do COVID, fai que este Plan estea elaborado dun xeito aberto e preparado para unha chea de modificacións nas dinámicas que se terán que adaptar ao escenario requirido. Atendendo a este momento, seguimos a pretender, e agora máis que nunca, que o noso centro sexa unha Comunidade Educativa na que os nenos, nenas, mozos e mozas de orixe e condicións diferentes, poidan ser educados un xunto ao outro, sendo atendidos nos aspectos emocionais, sociais, culturais e existenciais.

Aceptamos e promovemos plenamente os valores humanos e cristiáns, buscando a educación íntegra que fai posible unha sociedade máis xusta, educando nun clima de apertura, respecto e valoración da persoa e da vida humana.


Seguindo as orientacións propias do noso ideario como centro católico, o Equipo de Pastoral elabora unha programación anual. Os seus obxectivos son:

1. Impulsar a opción evanxelizadora a todo o proceso educativo, e desde esa dimensión, dar unidade e coherencia a nosa acción educativa.
2. Favorecer unha experiencia de vida de fe, con algunhas celebracións que terán lugar ao longo do ano académico: ao inicio do curso, Nadal, Coresma, S. Xerome, etc.
3. Fomentar, diariamente, os valores humano-cristiáns dentro e fóra da aula.
4. Conmemorar datas relativas ao ámbito social (Día contra a Violencia de Xénero, Día da Paz, etc.), así como outras actividades de compromiso social encadradas noutros ámbitos, que aparecen recollidas no Proxecto Global do Centro.
5. Vivenciar os tempos litúrxicos: Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua.
6. Coñecer á persoa de San Xerome Emiliani, titular do centro, o seu espírito e a súa obra.
7. Fomentar a Pastoral vocacional para axudar a buscar e acompañar aos nosos alumnos na busca do seu camiño e vocación como cristiáns.
8. Traballar as APSs (Aprendizaxe servizo), participando en actos solidarios como o *Domund*, Campaña do Quilo- Litro (san Vicente de Paúl), ...
9. Afondar en proxectos de educación emocional, integrando o PAT e a Pastoral.

## LEMA CURSO 2021-22



Marcámonos como meta que toda a Comunidade Educativa chegue a entender a mensaxe: **Acércate!**, lema deste ano, que simboliza unha viaxe espacial guiada por **Edu**-a mascota que vai estar presente durante toda a ruta-, e trata de reunir valores e mensaxes a traballar todo o curso.



En dita viaxe haberá tres paradas que corresponden aos tres trimestres: **Conéctate coa Creación!** (para traballar a curiosidade que permita un coñecemento da mesma, coincidindo coas xornadas de inicio de curso e o Advento); **Conéctate co mundo!** (que traballa a creatividade en proxectos de Aprendizaxe-Servizo para o coidado do planeta baixo a inspiración da encíclica “*Laudato si*” do Papa Francisco); e finalmente, **conéctate coa vida!** (na que se traballará a alegría e esperanza para cambiar o noso entorno e melloralo). De aquí, saen unha serie de obxectivos específicos que son os seguintes:

- Facer uso da capacidade de expresar a nosa emocionalidade e das habilidades empáticas que nos permiten mellorar a comunicación cos demais.
- Afondar en proxectos de educación emocional, integrando o PAT, o equipo de innovación e Pastoral.
- Recoñecer e dar o seu lugar á persoa de San Xerome Emiliani, titular do centro, o seu espírito e a súa obra.
- Favorecer a expresión de sentimentos e emocións nos nosos alumnos, profesores e familias.
- Fomentar o traballo en equipo e colaboracións entre os distintos plans e departamentos: EDLG, Innovación, Plan de Acción Titorial.
- Resaltar e facer visible a presenza do galego no noso lema fomentando tamén o plurilinguismo a través de distintos idiomas presentes no noso centro: lingua galega, lingua castelá inglés e francés.
- Descubrir a Xesús nas imaxes do lema.
- Reflexionar e vivir dunha determinada maneira atendendo ao carisma Somasco.

O Equipo de Pastoral está constituído polos seguintes membros:

- Coordinadores de Pastoral: Ana Rosa Villa Álvarez e Víctor Pérez Bugarín
- Representante de Educación Infantil: M<sup>a</sup> Jose Salcidos González
- Representante de Educación Primaria: Amparo Castro Pérez
- Representante de Educación Secundaria: Roberto Álvarez Carrero
- Representante do Equipo de Innovación e Titor de ESO: Rodrigo Fernández Giráldez
- Un membro do Equipo directivo asignado pola dirección.

## PROPOSTA DE ACCIÓNS A REALIZAR AO LONGO DO CURSO

### Diariamente

Oración da mañá. Cada profesor disporá de recursos variados para as oracións e reflexións da mañá. Poderán ser dinámicas preparadas para cada momento do ano, deixando aberta a posibilidade de que o alumnado sexa o encargado de preparar a devandita oración ou reflexión en momentos puntuais.

### PRIMEIROTRIMESTRE

#### 1. Xornadas Inaugurais

As **Xornadas Inaugurais** teñen como obxectivo iniciar o curso escolar cunha pincelada evanxelizadora que impulse e favoreza o fomento dos valores humano - cristiáns dentro e fóra da aula, en todo o proceso educativo, desde o principio.

– **Educación Infantil e 1º e 2º de Educación Primaria (xoves 9 e venres 10 de setembro)**

O alumnado de **Educación Infantil** e primeiro mais segundo de primaria, comezarán estas xornadas iniciando unha viaxe espacial acompañados de Super Xesús e unha mascota chamada **Edu**. Terán que presentar unha tarxeta de embarque que lles permitirá presentarse aos compañeiros; tamén fabricarán a mascota Edu nun obradoiro, e finalmente, deixarán as súas fotos pegadas nunha foguete que quedará na aula todo o curso escolar.

– **Educación Primaria (xoves 9 e venres 10 de setembro)**

No resto da etapa de **Educación Primaria** a xornada primeira vaise iniciar cunha dinámica de presentación do tema da Creación (unha curtametraxe) e a continuación unha dinámica de presentación que vai na actividade coñecida co nome de CSI (color, símbolo e imaxe). Tamén elaborarán un cartel no que queden plasmados os días da Creación e breves bailes con coreografías para traballar temas relacionados co Lema e a mensaxe deste curso escolar.

– **Educación Secundaria (xoves 15 de setembro)**

En **Educación Secundaria** iniciarase a xornada cunha oración seguida dunha actividade de cohesión. Logo traballarán unha rutina de pensamento *veo-penso-pregúntome* ante o cartel do lema do ano escolar, logo séguelle unha reflexión guiada sobre: *acércate!*..

Haberá actividades baseadas en cancións actuais cuxas letras van permitir encontros e presentacións do alumnado neste curso que comeza.

## **2. Conmemoración de Santa María Nai dos orfos (luns 27 de setembro).**

Este día tan especial para a comunidade somasca, convértese na inauguración oficial do curso escolar 2021-22. Celebraremos unha Paraliturgia no patio con apertura ás familias, ca limitación marcada polo protocolo COVID, e a continuación, farase unha saída ao Montiño, co alumnado organizado por cursos e nunha franxa horaria graduada; o obxectivo é xerar un tempo de convivencia e reflexión necesario nesta data e neste punto de curso escolar que comeza.

## **3. Catequeses de Primeira Comunión para 2º e 3º de primaria.**

Dará comezo pasado o principio do curso escolar, e serán os membros da comunidade relixiosa, os que temporalicen dita actividade.

## **4. Recollida de roupa con S.O.S. África.**

Estaremos á espera do que permita o protocolo para o desenvolvemento desta actividade.

## **5. Domund (domingo 24 de outubro)**

Cada titor ou mestre de Relixión informará da Campaña durante a semana anterior á data. Os maiores poden buscar información e presentar a historia do Domund na propia aula a través de actividades de obradoiros de Arts ou outra materia.

Propoñemos ideas para a recadación nos petos: os alumnos de ESO pódense organizar por grupos para xestionar unha achega e recollida de petos aos cursos de Primaria, tratando de lles explicar por que se fai esta Campaña e animándoos a colaborar.

## **6. Día Internacional da Infancia (20 de novembro)**

Traballaremos a data o venres 19 de novembro, e propoñemos que a actividade comece na oración da mañá recordando este día (será o mestre/profesor que este nese momento na aula); farase unha reflexión sobre a importancia desta etapa da vida e buscarase un tempo breve para crear un debuxo dun **símbolo** que represente unha infancia plena e feliz. Todos eses debuxos quedarán pegados no panel da saída ao patio.

## **7. Día da Non Violencia de Xénero (xoves 25 de novembro)**

Desde o comezo da xornada, recordarase que día é e por que, desgraciadamente, se conmemora. Pódese facer unha oración/reflexión na que cada alumno sexa o autor da mesma.

Propoñemos como actividade que se lle reparta ao alumnado un anaco de papel ou cartolina morada (diferentes tonalidades), e nela escriban un compromiso de respecto para calquera persoa de sexo contrario. Todos eses anacos pegaranse no panel de datas facendo un mosaico, así o resultado final será a nosa mensaxe neste día.

A temporalización será a valorar polos equipos de traballos correspondentes.

## 8. Día Internacional das persoas con discapacidade (venres 3 de decembro)

Na oración da mañá xa se recorda o día a conmemorar e se fale e reflexione sobre este día.

A nosa proposta é que se leve a cabo unha busca de deportistas paralímpicos o día anterior (será unha tarefa a preparar na casa) e neste 3 de decembro se fagan nas aulas unha posta en común do material buscado. Pódense facer murais que concentres a información traída e poderían decorar e servir de información sobre a discapacidade en tódolos corredores do colexio.

A temporalización será a valorar polos equipos de traballos correspondentes.

## 9. Día do Voluntariado (domingo 5 de decembro)

- **“Inauguración da operación quilo-litro”**

O martes día 7, marcamos o principio desta campaña. Porén, estaremos á espera de que tipo de pautas se seguirán para a recollida de produtos de alimentación e hixiene, dada a situación.

A actividade proposta é o establecemento de “RETOS”: cada titor falará de que este ano para estimular ás achegas de alimentos e produtos de hixiene, imos establecer recontos de quilos (serán por unidades de produtos) por cursos. Podemos involucrar aos maiores nesta tarefa.

## 10. Advento domingo 5 de decembro)

- **“O meu calendario de advento”**

Actividade a mantere consiste en confeccionar un calendario, co deseño e formato que o profesor considere ou planifique.

- **Actividade** proposta pola **Pastoral da Fundación.**

## 11. Nadal

- **Belén do P. Vidal.**

Comezará a montaxe á par que o Advento

- **Festival de Nadal**

Estaremos a espera da posibilidade de se facer dun xeito presencial. De non seren así, levaremos a cabo unha montaxe virtual de actuación variadas de todo o alumnado do centro. Farase visible, como o pasado curso, á toda a Comunidade.

## SEGUNDO TRIMESTRE

### 12. Día da paz (domingo 30 de xaneiro)

- **“Papiroflexia para a Paz”**

Durante os días previos ao Día da Paz, venres 28, levarase a cabo un “Obradoiro de papiroflexia” para fabricar símbolos de paz de papel. Concluirase a actividade colgando na “Árbore da Paz” que será colocado para a ocasión, como o curso pasado, cada un das figuras que se deron feitas.

### 13. San Xerome (martes 8 febreiro)

- **“Coñece ben a San Xerome”**

A actividade consiste en seleccionar temas relacionados coa vida e obra do noso padroeiro. Cada etapa traballará un destes temas:

- Como era san Xerome? Educación Infantil
- Quen era San Xerome? Educación Primaria
- Quen foron os seus primeiros seguidores e por onde se estendeu a súa obra?... ESO

Os traballos resultantes, expóranse na plataforma ou redes.

- Actividades relixiosas e lúdicas para a conmemoración. Porén, estaremos á espera de que tipo dinámicas poderían ser posibles, dada a situación de pandemia.

### 14. Semana Santa (10 abril- 17 abril)

- **Confesións**

Logo de reflexións feitas nas clases de Relixión sobre a Paixón e Morte de Cristo, invitar aos nosos alumnos ao recollemento e á confesión.

- **Actividade** proposta pola **Pastoral da Fundación.**
- **“Obradoiro de teatro”**

## TERCEIRO TRIMESTRE

### 15. Maio, mes da Virxe

**“Esta é a miña flor”**

Crearemos un novo espazo para poder recoller as ofrendas florais á Virxe; propoñemos no patio do colexio e abrir ás toda a Comunidade dita ofrenda.

#### **16. Día Internacional contra o acoso escolar (2 de maio)**

Será unha dinámica que se adapte ao proposto polo Plan de Acción Tutorial (PAT).

#### **17. Día Mundial do Medio ambiente (5 de xuño)**

Por determinar actividades que abranguen todo o traballo deste curso escolar sobre a Creación. O obxectivo é facer unha conxunción do traballo sobre a Creación e outras materias e dinámicas que procedan desde a Fundación ata proxectos abertos que se estean a facer a estas alturas do curso.

#### **18. Corpus Christi (16 de xuño)**

- **“Deseña a alfombra do colexio” (concurso)**

Esta actividade trata de mesturar a data, unha costume do vila e o traballo do colexio. Proporíase ao alumnado o deseño da súa alfombra floral ideal.

Na Guarda, a martes 21 de setembro de 2021